

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 18 de xuño de 2018 pola que se redistribúen e se amplían os créditos orzamentarios por epígrafes recollidas na Resolución do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria, servizos e agrícola primario, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

1. Mediante a Resolución do 26 de decembro de 2017 desta dirección, referida no encabezamento, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 21, do 30 de xaneiro de 2018, acordouse a aprobación das bases reguladoras xunto coa convocatoria de subvencións, cuxo procedemento administrativo de concesión se tramitará en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria, servizos e agrícola primario.

2. Tal e como consta na parte expositiva da citada resolución, o financiamento desta convocatoria faise con cargo aos orzamentos do Instituto Enerxético de Galicia para o ano 2018. A procedencia dos fondos é de diversa natureza: fondos da Comunidade Autónoma e fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

No transcurso do procedemento administrativo de concesión das axudas, cando xa rematou o prazo de presentación de solicitudes, constatase que nalgunha das epígrafes o número de solicitudes é inferior ao esperado, mentres que noutras o volume de axuda solicitada superou a dispoñibilidade orzamentaria, polo que cómpre facer unha redistribución de fondos entre as distintas epígrafes e ampliar o crédito orzamentario.

O artigo 3 da resolución, relativo ao financiamento, prevé unha dotación inicial de 4.382.377,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.A2.733A.770.0 e no parágrafo segundo dese mesmo artigo establécese que o crédito máximo poderá ser redistribuído se nalgunha das epígrafes non se rexistran solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles ou a calidade dos proxectos solicitados non alcanza a puntuación mínima exixida.



Nese mesmo artigo establécese a posibilidade de incrementar o crédito coa condición dunha maior dispoñibilidade derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Por todo o anterior, coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recursos públicos, maximizando o impulso de proxectos de aforro e eficiencia enerxética,

RESOLVO:

Primeiro. Ampliar a dotación de fondos inicialmente prevista para esta convocatoria na contía de 1.072.102,04, polo que o importe total asignado para estas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 09.A2.733A.770.0 tras esta ampliación ascende a 5.454.479,04 euros.

Segundo. Unha vez ampliados os fondos, estes redistribúense do seguinte xeito:

Distribución por líña de axuda	Dotación orzamentaria inicial (€)	Modificacións (€)	Dotación orzamentaria final (€)
AE-Auditorías enerxéticas	100.000,00	-91.716,50	8.283,50
SX-Implantación sistemas de xestión	100.000,00	-100.000,00	0,00
PAEI-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector industrial e ESE	2.862.377,00	592.102,04	3.454.479,04
PAES-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector servizos	500.000,00	271.716,50	771.716,50
PAEA-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector agrícola primario	820.000,00	400.000,00	1.220.000,00
Total	4.382.377,00	1.072.102,04	5.454.479,04

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2018

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

